

Primeiro. Persoas beneficiarias

Persoas físicas o xurídicas que teñan a condición de propietarias do inmovible, tanto sexan comunidades de propietarios/as en réxime de propiedade horizontal, mancomunidades, legalmente constituídas, así como agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, nas que se cumpran los requisitos desta convocatoria, que promovan e executen ou teñan executado as actuacións obxecto desta convocatoria durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de outubro de 2023 (ámbolos dous incluídos).

Segundo. Obxecto

Fomentar a iluminación das fachadas dos edificios históricos que aparecen relacionados nas bases reitoras desta subvención e que teñan a declaración de edificios catalogados co grao de catalogación Monumental, Integral ou Estrutural.

Térceiro. Bases reguladoras

As Bases reguladoras cos seus anexos, publicáronse no BOP de Pontevedra n.º 89, martes 10 de maio de 2022, así como no Portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/>.

Cuarto. Contía

A contía destinada a estas axudas, que se convocan en réxime de concorrencia competitiva e que terán o carácter de subvención a fondo perdido ascende a 20.000€ para o exercicio 2023.

A contía máxima total subvencionable por edificación residencial colectiva é de 10.000€.

En ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou o en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

O procedemento de adxudicación realizarase de acordo cos criterios de valoración establecidos nas Bases.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Tres meses a contar dende o día seguinte á publicación de presente extracto no BOP de Pontevedra, por conduto del BDNS.

Sexto. Outros datos

Acordo da convocatoria: Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 25 de abril de 2023

Gastos subvencionables: tanto a execución material da obra como os honorarios correspondentes á redacción da documentación técnica preceptiva.

Anticipos: non se admiten solicitudes de abonos a conta ou anticipos.

Compatibilidade: estas axudas municipais son compatibles con outras subvenciones para a mesma finalidade.

Criterios de valoración: As solicitudes se avaliaranse conforme á documentación aportada, aos informes emitidos, á limitacións orzamentarias existentes e a os criterios de avaliación establecidos nas bases.

Título habilitante: licencia municipal de obras e/ou comunicación previa de obras, acompañadas da documentación técnica preceptiva.

Prazo de resolución: 3 meses

Prazo de xustificación: ata o 1 de novembro de 2023 para as solicitudes presentadas no exercicio 2023.

Anexos: existen modelos normalizados de solicitudes e xustificación.

Abono: transferencia bancaria.

Vigo, na data da sinatura dixital

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTA DE LA GMU (Resolución do 11.07.2019)